

MATRÍCULAS DE HONRA NA ESO

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

ARTIGO 12.

1. As alumnas e os alumnos que, despois da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, criterios que deben ser obxectivos e públicos.

CONCRECIÓN CURRICULAR DE CENTRO

1. Maior nota media en 4º ESO, considerando ata a centésima
- En caso de empate, os criterios para desmpatar son:
2. Maior nota media na ESO, considerando ata a centésima
 3. Maior número de 10 en 4º ESO
 4. Menor número de cualificacións inferiores a 9 en 4º ESO

MATRÍCULAS DE HONRA NO BACHARELATO

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

ARTIGO 18.

1. As alumnas e os alumnos que, despois da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivesen unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, criterios que deben ser obxectivos e públicos.

CONCRECIÓN CURRICULAR DE CENTRO

- a) O/A alumno/a debe ter unha nota media mínima de 9.
 - b) Maior nota media en 2º de Bacharelato, considerando ata a centésima
- c) En caso de empate, os criterios a seguir serán os seguintes:
- a. Maior media en 2º BAC, considerando ata a centésima.
 - b. Maior media en todo BAC, considerando ata a centésima.
 - c. Maior número de deces.
 - d. Maior número de noves.